



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 11 DE AGOSTO DO 2016.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a María Herminia Pouso Maneiro D^a Fabiola García Martínez D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández	Interventor: D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11) Secretario xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta minutos do día once de agosto do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 14 de xullo de 2016 e 21 de xullo de 2016.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 11/08/2016, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Número de relación	2016 - 000026
Importe total	259.059,26 €
Número de facturas	55
1ª factura.	
Emisor (Cif)	A15222466
Importe	1.188,00 €
Última factura	
Emisor (Cif)	J70185228
Importe	168,00 €


B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	08/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Elaboración de cartelería e material de imprenta, co motivo da celebración da Feira Artemar Riveira 2016		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - DOSTEX, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA			
NIF/CIF:	52930719Z			
Importe (IVE incluído):	774,35 €			
Observacións:				

Nº Proposta		2	Data	08/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Elaboración, colocación e retirada de material de serigrafía, co motivo da celebración da Feira Artemar Riveira 2016		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - DOSTEX, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA			
NIF/CIF:	52930719Z			
Importe (IVE incluído):	495,00 €			
Observacións:				





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	3	Data	08/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer de parque de inchables e tren turístico, co motivo da celebración da Feira Artemar Riveira 2016		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- PEKEXOGO ANIMACIÓN E OCIO, S.L. - INFANTILANDIA - GARABATO DE XOGOS
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PEKEXOGO ANIMACIÓN E OCIO, S.L.		
NIF/CIF:	B70239439		
Importe (IVE incluído):	2.970,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	4	Data	08/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Traslado, montaxe, desmontaxe e 2 monitores en parque de inchables municipal, co motivo da celebración da Feira Artemar Riveira 2016		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- MARIA FERNANDA CORES CES - GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MARIA FERNANDA CORES CES		
NIF/CIF:	52936784F		
Importe (IVE incluído):	792,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	08/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 3 figuras cerámicas para entrega gañadores concursos, co motivo da celebración da Feira Artemar Riveira 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JOSE RAMON OUJO BELLO
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	JOSE RAMON OUJO BELLO		
NIF/CIF:	76483919H		
Importe (IVE incluído):	300,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	08/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Acometidas monofásicas e trifásicas en diversas rúas para instalacións, co motivo da celebración da Feira Artemar Riveira 2016		






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.		
NIF/CIF:	A80241789		
Importe (IVE incluído):	6.655,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	7	Data	08/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de material de cartelería e tarxetóns para exposición de modelismo naval, co motivo da celebración da Feira Artemar Riveira 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA		
NIF/CIF:	52930719Z		
Importe (IVE incluído):	195,50 €		
Observacións:			

Nº Proposta		8	Data	08/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Traballos de montaxe e desmontaxe de infraestrutura, co motivo da celebración da Feira Artemar Riveira 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ADER RECURSOS HUMANOS, E.T.T., S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ADER RECURSOS HUMANOS, E.T.T., S.A.			
NIF/CIF:	A15469406			
Importe (IVE incluído):	430,15 €			
Observacións:				

Nº Proposta		9	Data	08/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Autorización de gastos en concepto de imprevistos, co motivo da celebración da Feira Artemar Riveira 2016		
Nº orzamentos aportados		Provedores		
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:				
NIF/CIF:				
Importe:	1.000,00 €			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Observacións/Anexo ao acordo:	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda: - Autorizar a celebración dos actos da Feira Artemar Riveira 2016 - Aprobar as bases dos concursos de escaparatismo, decoración hostaleira e ruta de tapas
----------------------------------	--

Nº Proposta		10	Data	09/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Inserción de 3 ½ páxinas publicitarias en edición Barbanza, co motivo da celebración da Feira Artemar Riveira 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.			
NIF/CIF:	A15000649			
Importe (IVE incluído):	980,10 €			
Observacións:				

Nº Proposta		11	Data	09/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Inserción de 2 faldóns publicitarios, co motivo da celebración da Feira Artemar Riveira 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.		
NIF/CIF:	A15000391			
Importe (IVE incluído):	800,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		12	Data	09/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción e Dinamización Económica e Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Traslado, montaxe, desmontaxe e 2 monitores en parque de inchables municipal e ludoteca, co motivo da celebración da Feira de Oportunidades Viamare Stok		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L. - FERNANDA CORES CES	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO, S.L.			
NIF/CIF:	B70072905			
Importe (IVE incluído):	807,08 €			
Observacións:				





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	13	Data	08/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Traballos de coordinación de seguridade e saúde no proxecto denominado: “3ª Fase – Cuberta: Salón Social Multiusos de Carreira”		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARÍA CARMEN LOUSAME LOPEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MARÍA CARMEN LOUSAME LOPEZ		
NIF/CIF:	78784873Y		
Importe (IVE incluído):	544,50 €		
Observacións/Anexo ao acordo:	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda nomear coordinadora de seguridade e saúde durante a execución da obra “3ª Fase – Cuberta: Salón Social Multiusos de Carreira” a Mª Carmen Lousame López		

Nº Proposta		14	Data	10/08/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Traballos de levantamento topográfico na Rúa Sidreiras		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MANUEL GUERRA CORREDOIRA	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MANUEL GUERRA CORREDOIRA			
NIF/CIF:	33246953Q			
Importe (IVE incluído):	363,00 €			
Observacións:				

III.- CONTRATACIÓN.

1.- Aprobación do expediente de contratación das obras de "REMODELACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE CARREIRA".

Visto o expediente que se tramita para a contratación das obras de "Remodelación do campo de fútbol de Carreira", segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data febreiro/2016, cun orzamento de execución por contrata de 263.973,36 euros (valor estimado do contrato: 218.159,80 euros; IVE 21%: 45.813,56 euros) e un prazo de execución de 4 meses.

O investimento foi incluído no "Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016", aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 27/05/2016, segundo a Circular da data 08/06/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 10/06/2016, co número 7403).





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Constan no expediente os seguintes documentos:

1) Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data febreiro/2016.

2) Informe de legalidade urbanística asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/02/2016, no que indica que as obras desenvolveranse en solos clasificados no PXOM como “solo urbano de equipamento deportivo”, e conclúe manifestando que non existe inconveniente en relación á normativa urbanística e que non precisa autorización doutras administracións.

3) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/02/2016, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.

4) Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/02/2016, no que manifesta que as actuacións proxectadas non precisan de autorizacións nin de informes doutros organismos da Administración; que non é necesario realiza-la supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; e que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes.

5) Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 18/02/2016, no que se informa que as obras executaranse nos terreos do campo de fútbol sito no lugar de Capilla, Pé do Corniño, do que é titular a entidade deportiva “Carreira Club de Fútbol”, e para o que hai unha cesión de uso a favor do Concello, formalizada ante a notaria de Riveira María Covadonga Vázquez López na data 18/06/2015 (número 643 do seu protocolo)


6) Certificado do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada na data 29/02/2016, polo que se aproba participar no PAI 2016, o correspondente proxecto, e demais acordos que no mesmo constan.

7) Informe xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 07/03/2016, no que se informa que para a execución das obras do proxecto o Concello ten plena dispoñibilidade dos terreos necesarios, de acordo coa cesión de uso formalizada, na que non consta a duración, entendéndose esta cesión por tempo ilimitado.

8) Decreto da Alcaldía da data 14/03/2016, de emenda de deficiencias atopadas en documentos do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016.

9) Certificado do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada na data 28/03/2016, polo que ratifica o Decreto da Alcaldía da data 14/03/2016, de emenda de deficiencias atopadas en documentos do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

10) Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 01/08/2016 e conformada pola alcaldesa en funcións Fabiola García Martínez.

11) Certificado de existencia de crédito condicionado á entrada en vigor da aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello do ano 2016, emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 02/08/2016.

12) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.

13) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle López na data 03/08/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

14) Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 03/08/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.


Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.


A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMERO.- Aprobar o expediente de contratación das obras de “Remodelación do campo de fútbol de Carreira”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data febreiro/2016, cun orzamento de execución por contrata de 263.973,36 euros (valor estimado do contrato: 218.159,80 euros; IVE 21%: 45.813,56 euros) e un prazo de execución de 4 meses.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria **342.78000**.





CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e con tramitación ordinaria.

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10.1.a do Prego de cláusulas administrativas particulares, e de acordo cos artigos 142 e 53 do TRLCSP, por se tratar dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil de Contratante do Concello de Riveira, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

SEXTO.- A adxudicación e posterior formalización do contrato realizarase unha vez estea publicada a aprobación definitiva do Orzamento Municipal do actual exercicio económico 2016, que foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 14/07/2006 e sometido a información pública segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincial da Coruña número 137, da data 20/07/2016.

2.- Aprobación do expediente de contratación das obras de “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ZONA ESCOLAR DE FRIÓNS”.

Visto o expediente que se tramita para a contratación das obras de “**Mellora da seguridade viaria na zona escolar de Frións**”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2015, cun orzamento de execución por contrata de 52.714,30 euros (valor estimado do contrato: 43.565,54 euros; IVE 21%: 9.148,76 euros) e un prazo de execución de 2 meses.


O investimento foi incluído no “**Plan de Aforro e Investimento (PAI) Adicional 1/2015**”, aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 29/04/2016, segundo a Circular da data 18/05/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 19/05/2016, co número 5818).


Constan no expediente os seguintes documentos:

1) Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2015.

2) Informe de legalidade urbanística asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/12/2015, no que manifesta que as obras desenvolveranse en solos clasificados no PXOM como “solo de núcleo rural”, e conclúe manifestando que non existe inconveniente en relación á normativa urbanística e que precisa autorización da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

3) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/12/2015, no que, entre outros extremos, manifesta que a obra discorre en terreos clasificados segundo o PXOM de Riveira como “solo de núcleo rural” e que afectará á beirarrúa da estrada DP-7301, polo que é precisa autorización da Deputación Provincial da Coruña, que non é necesario realiza-la supervisión do





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, e que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes.

4) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/12/2015, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.

5) Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 16/12/2015, polo que se aproba participar no PAI adicional, o correspondente proxecto e demais acordos que no mesmo constan.

6) Informe previo á autorización emitido na data 03/02/2016, polo Servizo de Vías e Obras da Excm. Deputación Provincial da Coruña (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 05/02/2016, co número 1179.

7) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/02/2016, no que manifesta que o proxecto aprobado axústase ás condicións establecidas no informe previo á autorización emitido polo Servizo de vías e Obras da Excm. Deputación Provincial da Coruña na data 03/02/2016.

8) Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 22/07/2016 e conformada polo alcalde Manuel Ruíz Rivas.


9) Certificado de existencia de crédito condicionado á entrada en vigor da aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello do ano 2016, emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 02/08/2016.


10) Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, cun único criterio de adxudicación (prezo máis baixo). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.

11) Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle López na data 03/08/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.

12) Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 03/08/2016, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).





En razón da contía do orzamento (*valor estimado inferior a un millón de euros*), este contrato pode adxudicarse por procedemento negociado, de conformidade co disposto no artigo 171.d) do TRLCSP.

Ao non ser o valor estimado do contrato superior a 200.000,00 euros, non é preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do TRLCSP, de acordo co indicado no artigo 177.2 do citado TRLCSP.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do TRLCSP, para a adxudicación do contrato é necesario solicitar ofertas, ó menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible. Non obstante, a normativa do Plan así como a cláusula 10 do Prego-tipo, esta posibilidade de consulta só se poderá utilizar de forma excepcional e motivada por razóns debidamente xustificadas, debendo optar a administración por publicar a licitación cun anuncio na prensa, no Perfil do Contratante ou no Boletín Oficial da Provincia.

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 15/06/2011 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMERO.- Aprobado o expediente de contratación das obras de “**Mellora da seguridade viaria na zona escolar de Frións**”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2015, cun orzamento de execución por contrata de 52.714,30 euros (valor estimado do contrato: 43.565,54 euros; IVE 21%: 9.148,76 euros) e un prazo de execución de 2 meses.

SEGUNDO.- Aprobado o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, cun único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

TERCEIRO.- Aprobado o gasto con cargo á aplicación orzamentaria **453.60900**.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, cun único criterio de adxudicación (prezo máis baixo) e con tramitación ordinaria.

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello de Riveira.

SEXTO.- A adxudicación e posterior formalización do contrato realizarase unha vez estea publicada a aprobación definitiva do Orzamento Municipal do actual exercicio económico 2016, que foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 14/07/2006 e sometido a información pública





2.- Visto o escrito presentado por Manuel Reiriz Dios en representación da **Comunidade Veciñal de Artes**, de data 03/08/2016 (Rexistro de entrada nº 10.040), no que solicita autorización para arreglos de camiños, limpeza, sinalización..., co motivo da realización dunha ruta de sendeirismo.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a realización dos traballos solicitados para a creación dunha ruta de sendeirismo, sen prexuízo das preceptivas autorizacións daquelas outras administracións que puidesen ser necesarias no no ámbito das súas competencias.

3.- **Dáse conta** á Xunta de Goberno Local do escrito remitido polo **Xulgado Contencioso/Administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela**, de data 22/07/2016 (Rexistrado de entrada en data 04/08/2016 co nº 10.075), no que remite certificación da sentenza nº 184/2016, de data 23/05/2016, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (Proc. Abreviado nº 379/2014 – Proc. Ordinario 379/2014) interposto por Basilio Vidal Sampedro contra resolución de 29/05/2014 desestimatoria do recurso de reposición plantexado polo agora recurrente (e estimatoria do formulado por Elena Rey Martínez) contra a resolución de 16/01/2014 que denegaba a legalización de obra no lugar de Carballal, nº 1 (Riveira).

SOLICITUDES DE SUBVENCÍONS.

Vista a proposta presentada pola **Concelleira de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey**, de data 10/08/2016, en relación á Orde de convocatoria do 4 de xuño de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2016/17, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020. (DOG nº 135, do 18 de xullo de 2016).

Vista a documentación que consta no expediente.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- **Solicitar** as subvencións correspondentes relativas á Orde de convocatoria do 4 de xuño de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2016/17, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014-2020. (DOG nº 135, do 18 de xullo de 2016).

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde do Concello de Riveira, Manuel Ruiz Rivas, con DNI 33.228.537T, para facer a citada solicitude en nome do Concello de Riveira.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.


Riveira, 11 de agosto de 2016

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral



Manuel Ruiz Rivas



Juan Manuel Salguero del Valle

